



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 823 /2015.

Dado que o vindeiro 18 de decembro de 2015 ás 14:00 horas remata o prazo para subir á plataforma telemática da Deputación Provincial da Coruña a solicitude dos investimentos a incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e do Plan de acción social (PAS) 2015, que deben ser previamente aprobados polo Pleno da Corporación Municipal e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación Municipal que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **17 de decembro de 2015 (xoves) ás 09:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016.

2.- Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 14 de decembro de 2015



Asdp. Antonio Fernández Angueira

Ante mín
A Secretaria
Asdp. Ana María Ares Álvarez